

DECRETO 61/1999, DO 18 DE FEBREIRO, POLO QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTE Ó TÍTULO DE TÉCNICO EN COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA.

A Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, dispón no seu artigo 4 que lles corresponde ás Administracións educativas competentes establece-los currículos dos ciclos formativos.

En aplicación do devandito artigo, de acordo coas atribucións recollidas no Estatuto de Autonomía, no Real Decreto 1763/1982 sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación e no Real Decreto 676/1993, do 7 de maio, que establece as directrices xerais sobre os títulos de formación profesional e as súas ensinanzas mínimas, dítase o Decreto 239/1995, do 28 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional e as directrices sobre os seus títulos na Comunidade Autónoma de Galicia, determinando os aspectos que deben cumprir-los currículos dos diferentes ciclos formativos.

O Real Decreto 546/1995, do 7 de abril, establece o título de Técnico en Coidados auxiliares de enfermería e as súas correspondentes ensinanzas mínimas, en consonancia co devandito Real Decreto 676/1993.

O Real Decreto 1635/1995, do 6 de outubro, adscribe o profesorado dos Corpos de Profesores de Ensinanza Secundaria e Profesores Técnicos de Formación Profesional ás especialidades propias da formación profesional específica.

O Real Decreto 777/1998, do 30 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo, completa a ordenación básica relativa a estas ensinanzas.

Seguindo os principios xerais que rexerán a actividade educativa, recollidos nos preceptos anteriores, o currículo dos ciclos formativos da formación profesional específica establécese de xeito que permita a adaptación da nova titulación ó eido profesional e de traballo na realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector productivo da nosa economía, tendo en conta a marxe suficiente de autonomía pedagóxica que posibilite ós centros adecua-la docencia ás características do alumnado e ó contorno sociocultural do centro.

Isto require o posterior desenvolvemento nas programacións elaboradas polo equipo docente do ciclo formativo que concrete a adaptación sinalada, tomando como referencia inmediata as capacidades profesionais que definen o perfil profesional do Título. Estas permitirán realiza-lo rol do posto de traballo en actividades específicas que producen resultados concretos, dirixi-las variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos productivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixi-lo

conxunto do traballo e acadalos obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.

O currículo que se establece no presente Decreto desenvólvese tendo en conta os obxectivos xerais que fixan as capacidades que o alumnado debe acadar ó finaliza-lo ciclo formativo, e describen o conxunto de aptitudes que configura a cualificación profesional, así como os obxectivos dos distintos módulos profesionais, expresados neste Decreto como capacidades terminais elementais, que definen en termos de resultados avaliábeis o comportamento, saber e comprender, que se require do alumnado para acadalos logros profesionais do perfil profesional.

Estas capacidades acádanse a partir duns contidos mínimos necesarios de tipo conceptual, procedemental e actitudinal, que proporcionarán o soporte de información e destreza precisos para desenvolver comportamentos profesionais, tanto no aspecto tecnolóxico como de valoración funcional e técnica. Estes contidos son igualmente importantes xa que todos eles levan a acadalas capacidades terminais elementais sinaladas en cada módulo. Preséntanse agrupados en bloques que non constitúen un temario nin son unidades compartimentadas que teñan por si mesmas sentido, a súa estrutura responde a aquilo que deberá ter en conta o profesorado á hora de elaboralas programacións de aula e a orde na que se presentan non implica secuencia.

A inclusión do módulo de formación en centros de traballo (F.C.T.) posibilita que o alumnado complete a competencia profesional acadada no centro educativo, mediante a realización dun conxunto de actividades productivas e/ou de servizos-contidos- do centro de traballo. Estas actividades de referencia poden ser modificadas ou substituídas por outras que, adaptándose mellor ó proceso productivo ou de servizos do centro de traballo, conduzan á adquisición das capacidades terminais deste módulo.

Os centros educativos disporán dun determinado número de horas que lles permitirán realiza-lo desenvolvemento curricular establecendo os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, secuencia e metodoloxía que respondan ás características do alumnado e ás posibilidades de formación que ofrece o seu contorno.

Por todo isto, por proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, co informe do Consello Galego de Ensinanzas Técnico-profesionais e do Consello Escolar de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezaioito de febreiro de mil novecentos noventa e nove,

DISPOÑO

I. TÍTULO, PERFIL E CURRÍCULO

Artigo 1.- *Identificación do título*

1. Este Decreto establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma Galega para as ensinanzas de formación profesional relativa ó título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería, regulado polo Real Decreto 546/1995, do 7 de abril, polo que se aproban as ensinanzas mínimas.

2. A denominación, nivel de formación profesional e duración do ciclo formativo son as que se establecen no apartado 1 do anexo deste Decreto.

Artigo 2.- *Perfil profesional*

A competencia xeral, capacidades profesionais, unidades de competencia, realizacións e criterios de realización, dominio profesional, así como a evolución da competencia e a posición no proceso productivo que definen o perfil profesional do título son as que se establecen no apartado 2 do anexo deste Decreto.

Artigo 3.- *Currículo do ciclo formativo*

O currículo do ciclo formativo é o que se establece no apartado 3 do anexo deste Decreto, sendo as capacidades terminais elementais os resultados avaliábeis de cada módulo.

II. ORDENACIÓN ACADÉMICA E IMPARTICIÓN

Artigo 4.- *Profesorado*

1. As especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos que compoñen este título son as que se expresan no apartado 4.1.1 do anexo deste Decreto.

2. As materias de bacharelato que poden ser impartidas polo profesorado das especialidades relacionadas no presente título, son as que se expresan no apartado 4.1.2 do anexo deste Decreto.

3. As titulacións declaradas equivalentes a efectos de docencia, son as que se expresan no apartado 4.1.3 do anexo deste Decreto.

Artigo 5.- *Espacios e instalacións*

Os requisitos de espacios e instalacións que deben reunir os centros educativos para a impartición do presente ciclo formativo son os que se determinan no apartado 4.2 do anexo deste Decreto.

Artigo 6.- Validacións e correspondencias

1. Os módulos susceptibles de validación por estudos de Formación Profesional Ocupacional ou correspondencia coa práctica laboral son os que se especifican, respectivamente, nos apartados 4.3.1 e 4.3.2 do anexo deste Decreto.

2. Sen prexuízo do anterior, por proposta dos Ministerios de Educación e Cultura e de Traballo e Asuntos Sociais, poderanse incluír, no seu caso, outros módulos susceptibles de validación e correspondencia coa formación profesional ocupacional e a práctica laboral.

3. As persoas que estean en posesión do título de Técnico, por ter superada a formación profesional específica de grao medio, teñen acceso directo ás distintas modalidades de Bacharelato.

Artigo 7.- Distribución horaria

1. Os módulos profesionais deste ciclo formativo organizaranse segundo se establece no apartado 4.4 do anexo deste Decreto.

2. As horas de libre disposición que se inclúen neste apartado serán utilizadas polos centros educativos para reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo.

Disposición adicional única

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá adecuar as ensinanzas deste ciclo formativo ás peculiares características da educación a distancia e da educación de persoas adultas, así como ás características dos alumnos con necesidades educativas especiais.

Disposición derradeira primeira

Autorízase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dictar tantas disposicións sexan precisas, no ámbito das súas competencias, para a execución e desenvolvemento do disposto no presente Decreto.

Disposición derradeira segunda

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no "Diario Oficial de Galicia".

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 1999

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

1 Identificación do título

- Denominación: Coidados Auxiliares de Enfermería.
- Nivel: Formación Profesional de Grao Medio.
- Duración: 1400 horas.

2 Perfil profesional

2.1 Competencia xeral

Os requirimentos xerais de cualificación profesional do sistema productivo para este técnico son:

Proporcionar cuidados auxiliares ó paciente/cliente e actuar sobre as condicións sanitarias do seu contorno como membro dun equipo de enfermería nos centros sanitarios de atención especializada e de atención primaria, baixo a dependencia do diplomado de enfermería e, no seu caso, como membro dun equipo de saúde na asistencia sanitaria derivada da práctica do exercicio liberal, baixo a supervisión correspondente.

2.2 Capacidades profesionais

2.2.1 Capacidades técnicas

- Interpretar e comprende-la información e a linguaxe asociadas ós distintos procesos de atención sanitaria relacionados co exercicio da súa actividade profesional.
- Realizar tarefas administrativas e de organización dunha consulta, polo xeral do sector privado, avalía-las necesidades de produtos e materiais funxibles ou non, administrando as súas existencias na consulta, dentro do seu ámbito de competencia.
- Promover, ó seu nivel, a humanización da asistencia sanitaria ó paciente/cliente utilizando técnicas de apoio psicolóxico e de educación sanitaria.
- Realiza-las tarefas de axuda e instrumentación nos equipos/gabinetes de saúde bucodental.
- Aplicar técnicas hidrotermais básicas, manexando, regulando e secuenciando os equipos e instalacións correspondentes, observando os procedementos establecidos e rexistrando e informando das incidencias e anomalías que se produzan durante a realización da terapia.

2.2.2 Capacidades para afrontar continxencias

- Actuar en condicións de emerxencia, transmitindo con celeridade e serenidade os sinais de alarma e aplicando os medios de seguridade establecidos.

2.2.3 Capacidades para a dirección de tarefas

- Posuír unha visión de conxunto e coordinada das distintas condicións sanitarias dos pacientes/clientes, dos cuidados auxiliares de enfermería para realizar, do instrumental e do material utilizado nas distintas consultas, unidades e/ou servicios.
- Potencia-lo coñecemento, actitudes e hábitos preventivos e hixiénico sanitarios na poboación.
- Valorar, ó seu nivel, a interrelación das persoas coa saúde/enfermidade e os seus aspectos preventivos, asistenciais e rehabilitadores.

2.2.4 Capacidades para adaptarse ó medio

- Colaborar cos membros do equipo de traballo no que está integrado, asumindo as responsabilidades conferidas a el, cumprindo os obxectivos asignados e mantendo o fluxo de información adecuado.

- Posuír unha visión global e integrada do sistema sanitario nos seus aspectos organizativos, funcionais, sociais e administrativos.
- Adaptarse a novas situacións laborais xeradas como consecuencia das innovacións tecnolóxicas e organizativas introducidas na súa área laboral.

2.3 Responsabilidade e autonomía nas situacións de traballo

A este técnico, no marco das funcións e obxectivos asignados por profesionais de nivel superior ó seu, requiriráselle nos campos ocupacionais concernidos, polo xeral, as capacidades de autonomía en:

- Mantemento, conservación e limpeza do material sanitario requirido para a asistencia nunha consulta, unidade ou servizo.
- Mantemento da orde, limpeza e condicións hixiénico-sanitarias do paciente e do seu contorno.
- Citación dos pacientes e rexistro dos seus datos.
- Aplicación de coidados auxiliares de enfermería.
- Aplicación de técnicas de primeiros auxilios.
- Administración de medicación por vía oral, rectal e tópica.
- Participación na preparación da medicación (dispensación de unidoses, preparación de parenterais...) baixo a supervisión do Diplomado de Enfermería.
- Manexo, calibración, mantemento de uso e control do equipo e material ó seu cargo.

2.4 Unidades de competencia

1. Prepara–los materiais e procesa–la información da consulta/unidade, nas áreas da súa competencia.
2. Aplicar coidados auxiliares de enfermería ó paciente/cliente.
3. Coida–las condicións sanitarias do contorno do paciente e do material/instrumental sanitario utilizado nas distintas consultas/unidades/servizos.
4. Colaborar na prestación de coidados psíquicos ó paciente/cliente, realizando, ó seu nivel, a aplicación de técnicas de apoio psicolóxico e de educación sanitaria.
5. Realizar tarefas de instrumentación en equipos de saúde bucodental.

2.5 Realizacións e dominios profesionais

2.5.1 Unidade de competencia 1: **Prepara-los materiais e procesa-la información da consulta-unidade nas áreas da súa competencia**

Nº	Realizacións	Criterios de realización
1.1	Citar, recibir e rexistra-los datos ós pacientes/clientes cumprindo as normas establecidas en cada consulta.	<ul style="list-style-type: none">■ A citación realizouse atendendo ós criterios de prioridade clínica e demora no tempo.■ O paciente foi informado correctamente sobre o lugar, data, horario e preparación previa requirida para a consulta.■ A recepción do paciente realizouse nas condicións idóneas de trato persoal e axustándose ás condicións ambientais e protocolos establecidos polo centro.■ Os datos do paciente foron rexistrados no formato, o modo e o lugar establecido nas normas internas.■ Verificouse que os datos persoais rexistrados corresponden ó paciente/cliente e que se sigan os protocolos, en canto a necesidades de atención e a intervalos de revisión.
1.2	Verifica-la existencia do material necesario para a realización das actividades propias de cada consulta.	<ul style="list-style-type: none">■ O almacenamento do material realizouse cumprindo os criterios de orde, seguridade e conservación establecidos en canto a temperatura, iluminación, ventilación e humidade.■ Comprobáronse as existencias de material e, en caso necesario, comunicáronse as necesidades ou solicitouse o material necesario para repoñe-lo stock e cubri-las necesidades diarias, utilizando o formato adecuado e cos códigos establecidos.■ Comprobouse que o material recibido coincide co solicitado tanto cualitativa como cuantitativamente.■ Distribuíuse o material necesario para o funcionamento das distintas unidades segundo as necesidades propias de cada unha delas.
1.3	Recibir e emitir, no seu caso, a información verbal e escrita necesaria para a correcta coordinación con outras unidades segundo as normas establecidas no centro.	<ul style="list-style-type: none">■ Realizouse o rexistro da petición e recepción das probas e servicios solicitados, reclamándoas en caso de demora.■ Os informes e probas recibidas foron identificadas e introducidas na historia clínica correspondente.■ A información solicitada por outras unidades foi remitida, identificándoa previamente, na forma e prazos establecidos.
1.4	Realiza-los presupostos e facturas dunha consulta de asistencia médica ou odontolóxica, segundo normas e tarifas propias de cada consulta e por acto profesional.	<ul style="list-style-type: none">■ O presuposto foi realizado reproducindo o plano de tratamento, segundo as tarifas establecidas e coas adaptacións concretas a cada caso.

Nº	Realizacións	Criterios de realización
		<ul style="list-style-type: none">■ Explicáronse e acordáronse as formas e prazos de pago.■ Os pagos foron controlados e rexistrados na ficha do paciente/cliente.■ As facturas foron emitidas e rexistradas con tódolos datos necesarios.

Dominio profesional

Medios de produción ou tratamento da información

Paquetes informáticos aplicados. Ficheiros. Calculadora. Historia clínica. Impresos. Material e instrumental médico-cirúrxico e dental. Lencería. Fichas de seguimento de peticións.

Materiais e produtos intermedios

Paciente/cliente citado e rexistrado. Consulta preparada para o seu uso. Presupostos previos realizados.

Resultados e/ou produtos obtidos

Presupostos. Facturas. Historias clínicas ordenadas. Listados de traballo. Almacén ordenado.

Procesos, métodos e procedementos

Técnicas de arquivo. Técnicas de almacenamento. Proceso de cita previa. Técnicas de rexistro informático. Técnicas de facturación e cargos a terceiros. Técnicas de información e comunicación. Listado de códigos informáticos. Catálogo de produtos e prezos. Inventarios. Manual de procedementos. Manual de uso da historia clínica. Normativa e métodos de tratamento e eliminación de residuos contaminados.

Información

Manual de procedementos.

Persoal e/ou organización dritinataria

Pacientes/clientes. Unidades administrativas e clínicas. Provedores. Diplomado en Enfermería. Facultativos.

2.5.2 Unidade de competencia 2: **Aplicar coidados auxiliares de enfermía ó paciente/cliente**

Nº	Realizacións	Criterios de realización
2.1	Lavar, asear e realiza-la hixiene dos pacientes en función das súas necesidades e do plano de coidados.	<ul style="list-style-type: none"> ■ O aseo do paciente realizouse en función das súas necesidades e grao de dependencia, comprobándose que o paciente queda limpo, enxoiado e o máis cómodo posible. ■ O paciente/cliente foi axudado e/ou suplido na utilización do material necesario para a realización do seu aseo e hixiene persoal. ■ Axudouse ó paciente/cliente na utilización dos utensilios de recollida de excrecións e a súa posterior eliminación segundo protocolos.
2.2	Prepara-lo paciente para o seu traslado e asegurar que se cumpren as debidas condicións.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Comprobouse que os datos persoais que figuran na solicitude de traslado do paciente a outras dependencias coinciden coa identidade do paciente que se vai trasladar. ■ O paciente, no seu caso, foi informado previamente ó traslado. ■ A preparación realizouse seguindo o protocolo de traslado establecido. ■ No seu caso, adaptouse o protocolo ás características do paciente. ■ Os medios e accesorios de transporte foron os idóneos para o traslado. ■ A información sobre o traslado comunicouse ás dependencias oportunas en tempo e forma. ■ O traslado realizouse de xeito correcto segundo os protocolos establecidos. ■ Mantense informado das incidencias ocorridas e, no seu caso, comunícaa e/ou rexístraas de forma correcta.
2.3	Mobiliza-lo paciente dentro do seu medio tendo en conta o seu estado e posición anatómica recomendada.	<ul style="list-style-type: none"> ■ A colocación do paciente nas axudas técnicas, realizouse seguindo as instrucións en coordinación con outros membros do equipo de enfermía. ■ A mobilización do paciente realizouse seguindo os protocolos de mobilización de pacientes encamados e de prevención de úlceras por presión, adaptándoos ás características particulares de cada paciente. ■ Comprobouse que o paciente se atopa o máis cómodo posible e na posición anatómica máis axeitada ó seu déficit funcional.
2.4	Axudar á deambulacón do paciente, asegurando que se cumpren as indicacións específicas do responsable do plano de coidados.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Interpretouse e aplicouse correctamente o protocolo de deambulacón do paciente.

Nº	Realizacións	Criterios de realización
		<ul style="list-style-type: none"> ■ O responsable da unidade foi informado sobre as deambulacións realizadas polo paciente e notificáronse as incidencias ocorridas.
2.5	Executa-las operacións necesarias para facilitar a correcta exploración e observación do paciente/cliente.	<ul style="list-style-type: none"> ■ As historias clínicas correspondentes ós pacientes citados foron preparadas e dispostas coa antelación suficiente. ■ O material necesario para a exploración e a observación preparouse en función das características do paciente e da técnica exploratoria prevista. ■ Ó realiza-la somatometría seguiu o protocolo de actuación específico. ■ Aplicouse a técnica de toma de constantes vitais utilizando o material adecuado, en función das características do paciente. ■ A recollida e medida de excrecións foi realizada, utilizando o material adecuado, en función do sexo e das características físicas do paciente. ■ Rexistráronse na gráfica de control os datos obtidos na medida de constantes vitais e excrecións. ■ Ó realiza-la observación directa do paciente seguíronse as pautas establecidas sobre detección de signos e síntomas, comunicando ó superior inmediato a presenza de signos susceptibles de alteración do estado xeral.
2.6	Aplicar tratamentos locais de termoterapia, crioterapia e hidroxia médica, seguindo os protocolos técnicos establecidos e indicacións de actuación.	<ul style="list-style-type: none"> ■ O paciente/cliente foi informado da técnica que se lle vai aplicar. ■ O material necesario para a aplicación local de frío e calor seco ou húmido prepárase cumprindo as especificacións técnicas indicadas nos protocolos. ■ A aplicación dos tratamentos locais de frío e calor cumpriron as indicacións da prescripción. ■ A aplicación de técnicas hidroterápicas: duchas, saunas, chorros a presión, inhalacións, pulverizacións e baños, foron realizadas tendo en conta as condicións de presión e temperatura establecidas para cada unha delas, en función das características do paciente/cliente e seguindo o protocolo establecido.
2.7	Realiza-la preparación e administración de medicamentos por vía oral, rectal e tópica.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Verifícase na folla de tratamento e/ou historia clínica a medicación prescrita ó paciente/cliente. ■ Preparouse o tratamento cos medios adecuados e seguindo as ordenes da prescripción. ■ A administración de medicación por vía oral, rectal e tópica, incluíndo aerosoles, realizouse seguindo os protocolos de actuación específica para cada vía e produto. ■ Informouse e preparouse adecuadamente o paciente para a administración de clisteres de limpeza, admi-

Nº	Realizacións	Criterios de realización
		<p>nistrándoos segundo o protocolo de actuación específico.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ A información sobre as actividades relativas á administración de medicamentos e as posibles incidencias acaecidas foi completa, correcta e transmitida polos procedementos establecidos e no momento axeitado. ■ Efectuouse correctamente o mantemento da cadea de frío para os medicamentos termolábiles.
2.8	Realizar cuidados post mortem seguindo os protocolos establecidos.	<ul style="list-style-type: none"> ■ O tempo transcorrido entre o óxitus e o illamento do cadáver foi o menor posible. ■ Efectuouse o lavado do cadáver e retirada de tódolos elementos externos a el. ■ Os orificios naturais e contranaturais foron taponados cos medios precisos. ■ Efectuouse o amortallamento do cadáver segundo os protocolos habituais. ■ Comunicouse ó tanatorio a existencia do cadáver para realiza-lo seu traslado no menor tempo posible.
2.9	Distribuí-las comidas e apoia-lo seu consumo en pacientes que así o requiran.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Previa comprobación na folla de dietas, efectuouse a distribución de comidas. ■ Axudouse a inxerir ós pacientes que así o requiriron. ■ Administráronse alimentos por sonda nasogástrica, en pacientes sondados previamente, utilizando os medios e ritmos adecuados e seguindo o protocolo establecido para cada paciente.
2.10	Colaborar e/ou aplicar técnicas de prevención de accidentes e primeiros auxilios, seguindo os protocolos e pautas de actuación establecidos.	<ul style="list-style-type: none"> ■ As técnicas básicas de prevención de accidentes, nas distintas unidades/consultas, descritas no protocolo de seguridade, foron aplicadas de forma correcta. ■ Comunicouse a quen corresponda a existencia dunha urxencia vital e puxéronse en marcha os mecanismos de actuación previstos en cada unidade/consulta. ■ En caso de parada cardiorrespiratoria procedeuse á aplicación de técnicas básicas de reanimación cardiopulmonar. ■ En hemorraxias externas aplicáronse as técnicas de compresión necesarias para deter ou diminuí-la perda de sangue. ■ Na atención de accidentados e politraumatizados procedeuse á inmovilización parcial ou total do accidentado e a posterior recollida e transporte a un centro sanitario realizouse seguindo as normas de actuación establecidas para cada caso. ■ Aplicáronse, se foi necesario, cuidados de urxencia en queimaduras, conxelacións, descargas eléctricas, intoxicacións, trabadas e picadas.

Nº	Realizaciones	Criterios de realización
		<ul style="list-style-type: none">■ Na inxestión de corpos estraños realizáronse as manobras de expulsión descritas nos protocolos.■ En pacientes farmacodependentes, con síndrome de abstinencia e sobredoses en drogodependencias, segúronse as pautas de actuación descritas nos protocolos.

Dominio profesional	
Medios de produción	Material de aseo. Lencería. Camas. Padiolas. Cadeira de rodas. Muletas. Andadores. Equipo de somatometría. Esfigmomanómetro. Fonendoscopio. Termómetro. Reloxo. Frascos medidores. Bolsa de diurese. Cuñas. Botellas. Bolsas de auga e xeo. Carro de comidas. Bandexas isotérmicas. Bolsas de amortallamento. Nebulizadores. Bombas de perfusión de alimentación enteral. Sistemas de alimentación. Cánulas rectais. Batea. Equipo de anemias. Ambú. Respiradores. Sondas. Contenedores. Medicamentos. axudas técnicas. Mesa cirúrxica. Material de transporte (tubos pneumáticos, montacargas). Aparellos de aerosolterapia. Bañeiras. Tribuna de chorros. Duchas. Piscinas.
Materiais e produtos intermedios	Paciente/cliente con coidados realizados/aplicados.
Resultados e/ou produtos obtidos	Paciente informado, aseado, vixiado, alimentado, mobilizado, tratado en caso de urxencia vital e amortallado. Rexistros realizados.
Procesos, métodos e procedementos	Plano de coidados. Técnicas de aseo e hixiene, de toma de constantes vitais, de mobilización, de prevención de éscaras, de aplicación de calor e frío, de unidades post mortem e de alimentación por sonda nasogástrica. Técnicas de oxigenoterapia. Técnicas de primeiros auxilios. Técnicas de inhalación. Técnicas de aplicación de chorros e duchas. Técnicas de preparación e aplicación de baños terapéuticos. Técnicas de eliminación de refugos orgánicos.
Información	Folla de tratamento. Folla de dietas. Manual de procedementos. Historia clínica. Protocolos de cada técnica. Dietas e menús. Folla de tratamento. Protocolos de Hidroloxía Médica. Manuais de instrucións dos equipos. Folla de comentarios e evolución de enfermería.
Persoal e/ou organización destinataria	Paciente/cliente directo. Equipo de Enfermería. Persoal de cociña. Outros profesionais sanitarios.

2.5.3 Unidade de competencia 3: **Coida-las condicións sanitarias do contorno do paciente e do material/instrumental sanitario utilizado nas distintas consultas/unidades/servicios**

Nº	Realizacións	Criterios de realización
3.1	Realiza-la limpeza, desinfección e esterilización do material e instrumental das distintas consultas/unidades.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Realizouse a limpeza, desinfección e esterilización do material e instrumental non rexeitable utilizado na consulta médica ou odontolóxica, utilizando as técnicas específicas para cada tipo de material e instrumental. ■ Recibiuse e rexistrouse o material e instrumental procedente das distintas unidades. ■ Clasificouse o material recibido segundo as súas características (metálico, plástico, vidro, téxtil e de precisión). ■ O material está limpo e non presenta restos de materia orgánica na súa inspección visual. ■ Etiquetáronse, empaquetáronse e seláronse os correspondentes lotes segundo os protocolos establecidos. ■ Realizouse a esterilización polos diferentes métodos e equipos habituais no servizo, dependendo das características do material. ■ Verificouse que o proceso de esterilización (tempo e temperatura), secado e aireado, foi o correcto para cada procedemento, mediante os controis físicos, químicos e biolóxicos correspondentes. ■ A distribución do material esterilizado ás diferentes unidades axustouse ás peticións recibidas. ■ Preparouse o material e instrumental estéril de quirófano, en función das instrucións recibidas e do proceso cirúrxico a realizar comprobando que se atopaba en perfectas condicións de uso.
3.2	Mante-la orde, limpeza e condicións hixiénico-sanitarias da habitación do enfermo, tanto a nivel hospitalario como domiciliario.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Ó face-la cama ocupada realizáronse as manobras necesarias de mobilización do paciente, evitando causar molestias, efectos secundarios ou danos innecesarios. ■ Verificouse que a habitación estaba limpa e ordenada. ■ Comprobouse que as condicións hixiénico-sanitarias da habitación son as correctas en canto a intensidade de luz, nivel de ruído tolerable e ventilación adecuada. ■ A cama atopouse perfectamente feita en canto a limpeza de lencería e ausencia de engurras e humidade, e na posición adecuada, en función das condicións do paciente. ■ Facilitáronse ó paciente/cliente as condicións necesarias para minimiza-la súa incomodidade e optimiza-lo seu descanso. ■ Ensinouse ó paciente/cliente a autocoidarse para reincorporarse ó seu contorno familiar e social.

Nº	Realizacións	Criterios de realización
3.3	Participar no control de infeccións nosocomiais.	<ul style="list-style-type: none"> <li data-bbox="839 389 1481 483">■ O paciente/cliente e a familia recibiron información respecto dos hábitos hixiénicos saudables tanto a nivel persoal, como do contorno. <hr/> <ul style="list-style-type: none"> <li data-bbox="839 506 1481 600">■ Aplicáronse as técnicas de illamento, nos pacientes que os requiran, seguindo os protocolos establecidos para cada un deles. <li data-bbox="839 613 1481 707">■ A recolleita e transporte de mostras realizouse nas condicións de hixiene e seguridade e cos medios refugables establecidos para cada tipo de mostra. <li data-bbox="839 721 1481 871">■ A eliminación de residuos derivados da actividade sanitaria, tanto orgánicos como inorgánicos, efectuouse nos contenedores correspondentes, tendo en conta o tipo de residuo, contaminación e os protocolos de eliminación establecidos.

Dominio profesional	
Medios de produción	Material de limpeza. Desinfectantes. Autoclave. Cámaras de óxido de etileno. Poupinel. Cámara de aireación. Empaquetadoras. Seladoras. Lencería. Instrumental e material non refugable. Controis de esterilización físicos, químicos e biolóxicos. Roupa de quirófano e lencería. Material de recolleita e transporte de mostras. Contenedores de eliminación de residuos.
Materiais e produtos intermedios	Material e instrumental limpo.
Resultados e/ou produtos obtidos	Materiais e instrumental asépticos. Habitación en perfectas condicións. Cama feita. Instrumental cirúrxico esterilizado. Paciente illado. Residuos eliminados.
Procesos, métodos e procedementos	Técnicas de limpeza, desinfección e esterilización. Técnica de face-la cama desocupada e ocupada. Técnicas de illamento de pacientes. Técnicas de eliminación de residuos.
Información	Protocolos de desinfección e esterilización. Manuais de procedementos en illamento de pacientes, transporte de mostras e eliminación de residuos.
Persoal e/ou organización destinataria	Paciente/cliente e persoas do seu contorno. Outras unidades. Equipo de Enfermería. Traballadores sociais. Persoal técnico de mantemento. Outros profesionais.

2.5.4 Unidade de competencia 4: **Colaborar na prestación de coidados psíquicos ó paciente/cliente, realizando, ó seu nivel, a aplicación de técnicas de apoio psicolóxico e de educación sanitaria**

Nº	Realizacións	Criterios de realización
4.1	Detecta–las necesidades psicolóxicas básicas e conductas anómalas nos distintos tipos de pacientes, no seu ámbito de competencias.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Rexistráronse e/ou comunicáronse as observacións realizadas ou referidas polo paciente/cliente sobre as súas necesidades afectivas de autorrealización e seguridade. ■ Ó seu nivel, observouse e avalíouse o estado psíquico do paciente/cliente en base ó comportamento, actitude e hábitos do mesmo, detectándose se existen conductas de ansiedade, irritabilidade, agresividade, apatía e desánimo. ■ Colaborouse na prevención de estados depresivos no paciente/cliente, desenvolvendo a súa autoestima e ofrecendo apoio mediante a escoita, comprensión e respecto; axudando a resolve–la crise dunha forma satisfactoria. ■ O paciente/cliente foi axudado a comunicarse cando tiña dificultades de comunicación. ■ Informouse e colaborouse nas actividades de desenvolvemento individual programadas para os pacientes/clientes.
4.2	Prestar apoio psicolóxico básico ó paciente/cliente para mellora–las súas condicións de vida, no seu ámbito de competencias.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Aplicáronse técnicas concretas de apoio psicolóxico ós enfermos en situacións especiais ou ós seus familiares, para mellora–las súas condicións de vida. ■ Posibilitouse o mantemento de afeccións, relacións sociais, actividades de tempo libre e apoio de alegados, sempre que sexa posible, para conseguí–lo benestar emocional do paciente/cliente durante a súa asistencia intra o extrahospitalaria.
4.3	Promover actitudes e hábitos de autocoidado dos pacientes/clientes e a súa participación en asociacións e grupos de axuda.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Comprobouse se o paciente está capacitado para realiza–lo seu autocoidado informando, no seu caso, ó responsable do plano de coidados. ■ O método aplicado para fomenta–lo autocoidado foi o correcto en función das necesidades e capacidades observadas. ■ Participouse na educación sanitaria de pacientes/clientes que necesiten autocoidados en alimentación, formas de vida e hixiene persoal e do medio. ■ Selecciónáronse os folletos e manuais con información sobre actitudes e hábitos de autocoidado adecuados ós distintos grupos de pacientes/clientes. ■ Informouse ó paciente sobre o asociacionismo relacionado coa súa patoloxía/situación persoal e sobre a participación en grupos de axuda a pacientes, facilitando os contactos e direccións de interese.

Nº	Realizacións	Criterios de realización
4.4	Intervir, ó seu nivel, na formación e promoción de hábitos saudables de alimentación, hixiene persoal e do medio e sobre formas de vida en pacientes/clientes, familiares e colectivos.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Participouse na educación sanitaria de enfermos e familiares, que necesiten condicións especiais de alimentación, formas de vida e hixiene persoal e do medio. ■ Na preparación de charlas de educación sanitaria, individuais e para pequenos colectivos, adaptouse o nivel de información e o material pedagóxico ás características das persoas receptoras. ■ Colaborouse na impartición de charlas de educación sanitaria axustándose ó programa de formación específico da unidade e as dúbidas xurdidas durante o proceso resolvéronse ou transmitíronse adecuadamente. ■ Colaborouse na realización de folletos e manuais con información sanitaria. ■ Seleccionáronse os folletos e manuais sobre risco xeral adecuados ós distintos grupos de persoas.

Dominio profesional

Medios de produción

Medios audiovisuais. Enquisas. Folletos e manuais de información sanitaria.

Resultados e/ou produtos obtidos

Guións de información e educación sanitaria. Coñecemento do estado de ánimo do paciente.

Procesos, métodos e procedementos

Técnicas de comunicación, información e observación.

Información

Plano de cuidados. Manual de procedementos. Programa de humanización da asistencia. Programas de saúde mental. Programas de educación sanitaria e promoción da saúde.

Persoal e/ou organización destinataria

Pacientes/clientes directos e indirectos. Grupos de poboación. Equipo de enfermería. Traballadores sociais.

2.5.5 Unidade de competencia 5: Realizar tarefas de instrumentación en equipos de saúde bucodental

Nº	Realizacións	Criterios de realización
5.1	Revelar e arquivar radiografías dentais segundo protocolo técnico e normas de calidade.	<ul style="list-style-type: none"> ■ A película radiográfica proporcionada ó odontólogo foi a apropiada para a impresión a realizar. ■ Obtívose, mediante o revelado, fixado e secado, unha radiografía dental útil para o fin perseguido. ■ Durante todo o proceso aplicáronse as medidas de radioprotección persoal e do paciente/cliente. ■ As radiografías dentais foron arquivadas e conservadas seguindo as normas técnicas e operativas recibidas.
5.2	Realiza-las operacións de batido, espatulado e mesturado dos materiais requiridos polo facultativo.	<ul style="list-style-type: none"> ■ As cantidades e doses utilizadas na preparación de siliconas, alxinatos e outras pastas de impresión, así como de cementos, foron as indicadas nos protocolos de traballo. ■ O material, anteriormente preparado, atopouse nas condicións de textura e fluidez preestablecidas.
5.3	Mante-la butaca dental con tódolos seus elementos e útiles, en perfecto estado de uso.	<ul style="list-style-type: none"> ■ A butaca, despois de cada intervención, foi limpada e deixada en perfectas condicións para a súa seguinte utilización. ■ Realizouse a reposición de material, así como a reposición de boquillas e sondas. ■ O material e instrumental necesario para a seguinte intervención atopouse en perfectas condicións e foi colocado no lugar adecuado.
5.4	Realiza-la instrumentación operatoria da cadeira dental, utilizando «técnica de catro e/ou seis mans».	<ul style="list-style-type: none"> ■ As historias clínicas correspondentes ós pacientes citados foron preparadas e dispostas coa antelación suficiente. ■ O instrumental necesario preparouse nas condicións de asepsia requiridas. ■ Na técnica operatoria de «catro mans» realizáronse correctamente as operacións de batido de cementos, revelado de radiografías, instrumentación, lavado de conductos polpares, secado e separación do campo operatorio e iluminación. ■ Na técnica operatoria de «seis mans» realizáronse correctamente as anteriores operacións así como a coordinación cos outros membros do equipo. ■ A iluminación do campo operatorio (ángulo, distancia e intensidade) foi a adecuada e controla durante todo o proceso que non moleste ó facultativo.
5.5	Illar e aspira-lo campo operatorio, previo e durante a operatoria dental.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Illouse o campo operatorio mediante a utilización de dique de goma, rolos de algodón e separadores.

Nº	Realizacións	Criterios de realización
		<ul style="list-style-type: none"> ■ O aspirador foi colocado e utilizado de forma que non estorbe durante a operatoria e que manteña o campo seco.
5.6	Realiza-lo acondicionamento físico e psicolóxico do paciente que permita o seu tratamento dental, antes, durante e posteriormente á operatoria, segundo as súas necesidades específicas.	<ul style="list-style-type: none"> ■ O paciente/cliente foi tratado cordialmente favorecendo a súa comodidade e tranquilidade, para obter-lo máximo grao de colaboración. ■ O paciente/cliente foi informado do proceso que se lle vai realizar, téndose en conta os seus requirimentos de comunicación. ■ Instalouse e levantouse o paciente adecuadamente tendo en conta as súas condicións físicas. ■ Axudou a enxaugarse e a secarse ó paciente/cliente, tralo proceso operatorio.

Dominio profesional	
Medios de producción	Fichas dentais. Materiais dentais: cementos, amalgamas, pastas de impresión (alxinatos siliconas e hidocoloides). Película radiográfica, líquidos de revelado de radiografías. Instrumental de man. Instrumental rotatorio. Diques de goma e grampas. Aspiradora cirúrxica. Butaca dental. Luz. Cuspideira.
Resultados e/ou productos obtidos	Paciente acondicionado. Radiografías reveladas e fixadas. Instrumental preparado para a intervención. Campo operatorio illado e iluminado.
Procesos, métodos e procedimientos	Técnica de procesado, revelado, fixado e secado de radiografías dentais. Técnica de instrumentación en operatoria bucodental. Manexo de materiais dentais. Técnicas de apoio psicolóxico e relaxación.
Información	Historia clínica. Ficha dental. Protocolos de operatoria dental. Especificacións de manipulación de materiais. Manuais de funcionamento e manutemento de uso do equipo e instrumental dental.
Persoal e/ou organización destinataria	Pacientes/clientes directos e indirectos. Odontólogo e estomatólogo.

2.6 Evolución da competencia profesional

2.6.1 Cambios nos factores tecnolóxicos, organizativos e económicos

Os cambios previsibles na evolución da competencia deste profesional son:

- Maior grao de participación nos procesos de atención e prevención en atención primaria como consecuencia do desenvolvemento das competencias dos EAP na atención de certos tipos de enfermos (anciáns, crónicos e terminais) no seu hábitat natural de vida (domicilio).
- Maior grao de integración en equipos multidisciplinares de saúde que permiten unha humanización da asistencia e unha diminución dos custos sanitarios en relación cos centros hospitalarios.
- Maior flexibilidade entre os diversos postos de traballo descritos no perfil profesional e maior polivalencia de cada un deles de forma que os profesionais poidan ser intercambiables entre os distintos postos dunha área de traballo.

2.6.2 Cambios nas actividades profesionais

A consolidación da atención primaria e comunitaria desde o punto de vista asistencial, preventivo e epidemiolóxico implicará:

- Un aumento dos profesionais que realicen a súa actividade laboral dentro deste ámbito e, en particular, en atención domiciliaria, saúde bucodental e saúde escolar. Igualmente é previsible este aumento en balnearios e centros xeriátricos.
- A necesidade de utilizar técnicas de apoio psicolóxico e de educación sanitaria en pacientes/clientes e o seu contorno para detecta-las necesidades básicas dos distintos tipos de pacientes, fomentar actitudes e hábitos de autocoidado e formar e promover hábitos saudables de alimentación, formas de vida e hixiene persoal e do medio.
- A utilización de novas técnicas e aparelaxe que vaian incorporándose á atención especializada.

2.6.3 Cambios na formación

Para a correcta formación deste profesional e como desenvolvemento do concepto de atención humanizada do paciente/cliente, farase necesario un incremento formativo nos seguintes apartados:

- Coñecementos e destrezas en técnicas psico-sociais aplicadas á atención dos pacientes/clientes para humaniza-la asistencia.
- Coñecementos de Educación Sanitaria para mellora-la atención integral, desde o punto de vista asistencial, preventivo e epidemiolóxico.
- Coñecementos de informática aplicada (paquetes integrados) que permitan a xestión dunha consulta (médica e odontolóxica) e de actualización en procedementos e técnicas a utilizar.

2.7 Posición no proceso productivo

2.7.1 Contorno profesional e de traballo

Este técnico poderá exercer-la súa actividade laboral fundamentalmente no sector sanitario, na área de asistencia ó paciente/cliente, formando parte do equipo de enfermería en atención primaria, comunitaria e/ou especializada.

Os principais subsectores nos que pode desenvolver a súa actividade son:

- Atención primaria e comunitaria: atención domiciliaria, promoción de saúde, saúde bucodental, consultas e residencias de anciáns.
- Atención especializada: consultas, hospitalización, urxencias, paritorios, pediatría, unidades especiais (UVI, CI, UCP, UC e UQ), quirófanos, esterilización, saúde mental e xeratría.
- Outros: centros sanitarios, departamentos de asuntos sociais de ministerios, CCAA e concellos e centros balneoterápicos.

2.7.2 Contorno funcional e tecnolóxico

O Técnico de Cuidados Auxiliares de Enfermería sitúase nas funcións/subfuncións de organización/xestión da unidade/consulta, prestación do servizo e educación sanitaria.

As técnicas e coñecementos tecnolóxicos abarcan:

- Administración e organización dos recursos na súa área de competencia.
- Técnicas asistenciais e de cuidados ó paciente/cliente.
- Hixiene e cuidado do medio en que se atopa o paciente/cliente.
- Técnicas instrumentais de limpeza e esterilización do material.
- Ciencias psico-sociais aplicadas.
- Técnicas especiais de saúde bucodental.

2.7.3 Ocupacións, postos de traballo tipo máis relevantes

A título de exemplo e especialmente con fins de orientación laboral, enumérase a continuación un conxunto de ocupacións ou postos de traballo que poderían ser desempeñados, en entidades de carácter público o privado, cando se teña adquirida a competencia profesional definida no perfil do título:

- Auxiliar de Enfermería/Clínica.
- Auxiliar de Balnearios.
- Auxiliar de Atención Primaria e Cuidados de Enfermería a Domicilio.
- Auxiliar Bucodental.
- Auxiliar Xeriátrico.
- Auxiliar Pediátrico.
- Auxiliar de Esterilización.
- Auxiliar de Unidades Especiais.
- Auxiliar de Saúde Mental.

3 Currículo

3.1 Obxectivos xerais do ciclo formativo

- Describi-lo e comprender a estrutura do sistema público da saúde e distingui-los niveis e tipos de asistencia que ofrece, incidindo no sistema público da CAG tendo en conta as características e particularidades sociais e xeográficas.
- Proporcionar coidados sanitarios a pacientes/clientes aplicando técnicas básicas de enfermería.
- Instrumentar e auxiliar tecnicamente en intervencións odonto-estomatolóxicas.
- Obter rexistros das constantes vitais do organismo e representalas graficamente no soporte documental adecuado.
- Recoñecer e selecciona-lo material, instrumental e equipo necesario para a correcta axuda en consulta ou servicios sanitarios.
- Seleccionar e no seu caso aplicar técnicas de protección e prevención de infeccións hospitalarias e de mantemento da hixiene e comodidade dos pacientes.
- Transmitir ó público en xeral mensaxes saudables actuando como axente sanitario no desenvolvemento de programas de saúde.
- Comprender e explica-los diferentes estados anímicos que experimentan os pacientes en situacións especiais e favorecer no posible o obxectivo de humanización da asistencia.
- Aplicar técnicas de primeiros auxilios e coidados sanitarios ante diferentes situacións de urxencia tipo.
- Aplicar técnicas de hixiene no medio hospitalario e domiciliario nos seus aspectos sanitarios.
- Valora-la importancia do impacto ambiental do medio sanitario na CAG, tanto a nivel urbanístico como de xestión de residuos.
- Aplicar adecuadamente as técnicas de limpeza e esterilización dos medios materiais ó seu cargo.
- Asistir na toma de radiografías da cavidade bucal e efectua-lo revelado, adoptando as medidas de protección radiolóxica necesarias.
- Aplicar técnicas de xestión administrativa e de elaboración de documentos mercantís en consultas sanitarias privadas.
- Comprender e, no seu caso, transmitir mensaxes técnicas na linguaxe propia do sector sanitario.
- Valora-la importancia das campañas destinadas á promoción da saúde e participar na súa difusión.
- Comprende-lo marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a súa actividade profesional, identificando os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais.

3.2 Módulos profesionais asociados a unha unidade de competencia

3.2.1 Módulo profesional 1: Operacións administrativas e documentación sanitaria

Asociado á unidade de competencia 1: *Prepara-los materiais e procesa-la información da consulta/unidade, nas áreas da súa competencia.*

Capacidades terminais elementais

- Identificar diferentes tipos de servicios ou de institucións sanitarias estatais e da Comunidade Autónoma Galega para diferencia-los distintos niveis de asistencia que ofrece.
- Identifica-los diferentes tipos de documentación clínica e relacionalos coas súas aplicacións segundo os protocolos establecidos.
- Cubrir e tramitar documentos clínicos e non clínicos aplicando medios, se é o caso, informáticos específicos dos servicios sanitarios.
- Realiza-la recepción de material en institucións sanitarias e aplicar técnicas de almacenamento respectando as normas de seguridade e hixiene.
- Realiza-la distribución de material ós diferentes servicios hospitalios segundo necesidades e indicacións recibidas.
- Efectua-lo control e mantemento de existencias segundo necesidades e grao de utilización dos diferentes servicios hospitalarios.
- Aplicar programas informáticos sanitarios destinados ó control e xestións de almacéns.
- Elaborar presupostos e facturas detalladas de intervencións ou actos sanitarios, relacionando o tipo de acto sanitario coa tarifa e tendo en conta as normas de funcionamento definidas.

Contidos (duración 55 horas)

Contidos procedementais

A atención en enfermería

- Aplicación de diferentes modelos de atención en enfermería.

Documentación sanitaria

- Cumprimentación de documentos: clínicos e non clínicos.
- Métodos de circulación da información clínica e non clínica.

Xestión de existencias e de inventarios

- Métodos de valoración de existencias
- Elaboración de fichas de almacén e de inventarios.
- Aplicación de normas de seguridade e hixiene en almacéns de centros sanitarios.

